



RESOLUCION DE ADXUDICACIÓN EN 4ª POXA PÚBLICA A ALZA DUN INMOBLE PATRIMONIAL DO IGAPE (DOG núm 172, do 8 de setembro de 2025).

ANTECEDENTES

I.- Por resolución da directora xeral do Igape do 26 de agosto de 2025 autorizouse o alleamento en 4ª poxa pública á alza do seguinte inmoble:

NAVE SITA EN RIBADUMIA (PONTEVEDRA)

Natureza da finca: Urbana.

Datos rexistrals: Inscrita a nome do Igape no Rexistro da Propiedade de Cambados número 1, finca rexistral número 8.087, tomo 1339, libro 96 e folio 128.

Referencia Catastral: D70100100NH10F0001AF e 36046A001000020000YP.

Superficie: Superficie do terreo rexistrada de 8.692,25 m². Superficie construída: superficie rexistrada da nave de 2.077,00 m².

Localización: Rúa A Barca, nº 6 e 8, Sisán, Ribadumia (Pontevedra), código postal 36636.

Lindeiros: Norte, Río Umia; Sur, estrada de Vilagarcía a Gondar; Leste, Marisol Padín; e Oeste; Camiño ao Río.

Descrición: Nave dunha planta sobre rasante.

II.- Logo de publicarse no Diario Oficial de Galicia nº 172 do 8 de setembro de 2025 e no xornal "La Voz de Galicia" desa mesma data, o anuncio do 26 de agosto, de alleamento en 4ª poxa do dito ben, celebrouse o 30 de setembro de 2025, nas instalacións do Igape, a poxa pública anunciada, co resultado establecido na acta da mesa de contratación do 30 de setembro de 2025.

Polo que antecede, vista a acta da mesa de contratación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 116 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e en virtude das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección do IGAPE (DOG núm. 203 do 25 de outubro de 2023)

RESOLVO

Aprobar a adxudicación a SUMINISTROS AGRICOLAS TERRA, S.L. por importe de 275.000€, o inmoble descrito no apartado 1 dos antecedentes.

O pagamento do prezo do inmoble adxudicado efectuarase segundo o establecido no artigo 108 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A venda formalizarase como corpo certo en escritura pública, sendo por conta do adquirente os custos do seu outorgamento. Os tributos derivados da transmisión será esixidos conforme ao disposto na lexislación tributaria. Así mesmo, quedan a cargo do adxudicatario o pagamento dos custos dos anuncios que se teñan producido neste procedemento de alleamento.





No caso de desistencia da compravenda, notificarase ó segundo mellor postor, SPR CARRRO&MILLAN, S.L. por importe de 274.000€, para seguir o procedemento do artigo 114.4 da Lei 6/2023.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer no prazo de dous meses recurso contencioso-administrativo. De xeito potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante a directora xeral do IGAPE no prazo dun mes.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral

Covadonga Toca Carús

